

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 11 DE XULLO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro á Fundación Penzol, á *Organización Nacional de Ciegos Españolas* (ONCE) e, a título póstumo, a Manuel Ceferino Díaz Díaz.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en construción.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Feira do Xamón da Cañiza, a Festa do Pan de Neda e o Naufraxio de Laxe.
- Acordo polo que se aproba o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Cambados para a execución da obra: "Recollida de verteduras no Saco de Fefiñáns. Fase II. Cambados (Pontevedra)", clave OH.336.1053, por importe dun millón cento trinta e cinco mil catrocentos noventa e cinco euros con noventa e catro céntimos (1.135.495,94 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista: emprendemento, dinamización e comercio electrónico, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (4500.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía no convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Diocese de Ourense, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para a 1ª fase da rehabilitación da ermida santuario da Nosa Señora dos Remedios de Ourense.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención das drogodependencias na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por un importe total de catrocentos cincuenta e cinco mil cincocentos oitenta e seis euros (455.586,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o novo sistema de vixilancia da Gastroenterite Aguda en Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o Plan contra o traballo non declarado en Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA Á FUNDACIÓN PENZOL, Á ONCE E, A TÍTULO PÓSTUMO, A CEFERINO DÍAZ

- ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, á Fundación Penzol, á *Organización Nacional de Ciegos Españolas* (ONCE) e, a título póstumo, a Manuel Ceferino Díaz Díaz.

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será imposta o vindeiro 25 de xullo.

Fundación Penzol

A Fundación Penzol foi creada en Vigo en 1963 por Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e outros galeguistas ilustres co obxectivo de preservar o legado de Fermín Fernández-Penzol Labandera. Tense configurado desde a súa orixe como centro de estudos e documentación sobre a lingua e a literatura galega, constituíndo na actualidade unha das maiores coleccións existentes arredor da historia e a cultura de Galicia.

A Xunta concédelle a Medalla de Ouro de Galicia con motivo do cumprimento este ano, do 50 aniversario da súa constitución.

ONCE

A Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE) é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento da cooperación e a inclusión social de persoas con discapacidade. Neste 2013 cúmprense 75 anos da súa formación, así como os 25 anos da Fundación Once, que, da man doutras institucións, ten xerado arredor de 80.000 empregos para persoas con discapacidade no conxunto do Estado.

Ceferino Díaz

Manuel Ceferino Díaz Díaz (Escairón, O Saviñao, 1947-Santiago de Compostela, 2012) recibe a Medalla de Ouro de Galicia a título póstumo en recoñecemento ao seu compromiso coa Comunidade e o traballo a prol do seu desenvolvemento. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago, foi docente nesta institución durante 25 anos, deputado do Parlamento galego e membro electo do Congreso dos Deputados.

CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO TÍTULO DE TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN ÁS EXIXENCIAS DE CALIDADE, SEGURIDADE E RESPECTO AMBIENTAL

- ***A Consellería ten modernizado xa 72 currículos de ciclos formativos para o seu axuste de acordo co establecido na Lei das cualificacións profesionais***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a novo currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Construcción, o número 72 dos modernizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para axustalos ao establecido na Lei das cualificacións profesionais e ás demandas das empresas dos sectores produtivos en Galicia. Cómpre salientar que o novo título dá resposta ás exixencias que hoxe en día leva consigo o sector da construción no que atinxe á calidade, á seguridade e ao respecto ambiental.

Así, a maiores das competencias puramente relacionadas co título, os estudantes adquirirán as necesarias para analizar e adoptar os procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, e a aplicar os protocolos correspondentes neste eido. Así mesmo, aprenderán a incorporar no seu traballo os cambios tecnolóxicos e organizativos que se están a producir nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos e utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe.

As persoas tituladas neste ciclo poderán desenvolver o seu labor profesional como xefe de equipo de fábricas de albanaría, de albaneis de urbanización, de persoal encofrador, de equipo de ferralla, de taller de ferralla, de equipo de albaneis de cubricións ou como xefe de equipo ou encargado de persoal alicatador e solador. Así mesmo, poderán traballar como albanel, albanel tabiqueiro, de pedra de construción, de cubricións ou de urbanización; cachoteiro, oficial de miras, colocador de ladrillo cara vista ou de bloque prefabricado, tellador ou montador de tella, colocador ou operario de lousa, montador de cubricións de paneis e chapas, ferrallista, alicatador ou solador, aplicador de revestimentos continuos de fachadas, poceiro en redes de saneamento, instalador de sistemas de impermeabilización en edificios e obra civil ou impermeabilizador de terrazas. Outros traballos que poderán desempeñar serán os de pavimentador - con lastros, con baldosas e lousas ou á base de formigón-, encofrador, encofrador de edificación ou de obra civil.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FEIRA DO XAMÓN DA CAÑIZA

- ***A feira cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Festas do Pan de Neda e o Simulacro do Naufraxio de Laxe tamén obtiveron hoxe a aprobación para ter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 90 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira do Xamón da Cañiza. A Feira do Xamón da Cañiza celébrase o día 15 de agosto nese concello pontevedrés e desenvólvese hai 47 anos nunha zona que conserva elementos enxebres como pallozas de colmo, alpendres de casqueiros, carros típicos e cabezudos centenarios que forman parte da celebración gastronómica e achegan aspectos tradicionais e culturais.

A 47 edición desta celebración terá lugar na Carballeira do Cacharado do concello da Cañiza e incluírá a degustación do produto elaborado en diferentes preparacións, así como desfiles ou eventos deportivos.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da Feira do Xamón da Cañiza, o Consello da Xunta aprobou hoxe outras dúas declaracións para festas de Interese Turístico de Galicia, a da Festa do Pan de Neda e a do Simulacro do Naufraxio de Laxe.

Con estas novas declaracións, a comunidade galega conta xa con 90 Festas de Interese Turístico de Galicia, ás que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DO PAN DE NEDA

- ***A feira cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Feira do Xamón da Cañiza e o Simulacro do Naufraxio de Laxe tamén obtiveron hoxe a aprobación para obter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 90 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa do Pan de Neda.

A festa adoita celebrarse o primeiro domingo de setembro e entre os criterios de valoración da mesma figura o importante arraigamento, o feito de difundir unha actividade artesanal de facer pan e tamén que se promova un produto galego rexistrado como marca.

A Festa do Pan de Neda, que celebra este ano a súa edición número XXV, obtén esta distinción para a que se tiveron en conta tamén criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración, a creatividade e o axeitado coidado dos contornos paisaxísticos, urbanos e monumentais.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais da Festa do Pan de Neda, o Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Interese Turístico de Galicia para a Feira do Xamón da Cañiza e para o Simulacro de Naufraxio de Laxe.

Con estas novas declaracións, Galicia conta xa con 90 Festas de Interese Turístico de Galicia, ás que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA O SIMULACRO DE NAUFRAXIO DE LAXE

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da Declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia***
- ***A Festas do Pan de Neda e a Feira do Xamón da Cañiza tamén obtiveron hoxe a aprobación para obter a distinción***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 90 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de Interese Turístico Nacional e 6 festas de Interese Turístico Internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para o Simulacro de Naufraxio de Laxe. A festa presenta aspectos orixinais como o afundimento da gabela e o naufraxio. Con este recoñecemento outórgaselle unha maior difusión como atractivo turístico na Costa da Morte. O Simulacro de Naufraxio celébrase en Laxe o 17 de agosto, o inicio de celebración deste simulacro data de 1962.

Entre os aspectos que se valoran á hora de distinguir a celebración como Festa de Interese Turístico de Galicia figura a antigüidade mínima de dez anos, a singularidade e orixinalidade, así como o seu arraigamento cultural e o seu valor cultural. Do mesmo xeito, téñense en conta aspectos como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración, a creatividade e o axeitado coidado dos contornos paisaxísticos, urbanos e monumentais.

A declaración comporta a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais do Simulacro de Naufraxio, o Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia para a Feira do Xamón da Cañiza e para a Festa do Pan de Neda.

Con estas novas declaracións, Galicia conta xa con 90 Festas de Interese Turístico de Galicia, ás que hai que engadir as 13 Festas coa declaración de Interese Turístico Nacional e as 6 co distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional.

A XUNTA PRESENTARASE COMA ACUSACIÓN POPULAR EN TODOS OS CASOS DE MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO QUE OCORRAN NA NOSA COMUNIDADE

- ***O Goberno galego dá un paso adiante para afianzar o compromiso institucional coa erradicación desta lacra***

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal de hoxe, acordou comparecer coma acusación popular en todos os procesos penais por violencia de xénero con resultado de morte acaecidos no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

O Goberno galego dá así un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianza o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

Cumprindo coa liña dos obxectivos do Plan de igualdade 2013- 2015 e baixo o amparo da Lei para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, o Goberno galego acordou que cada vez que a Secretaría Xeral da Igualdade teña constancia dunha morte por violencia de xénero, dará traslado inmediato de toda a información á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta, para que prepare a comparecencia, activando tamén os recursos de carácter social que se puidesen precisar, como apoio a menores, atención psicolóxica ou axudas económicas.

O acordo aprobado hoxe será trasladado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Delegación do Goberno, para o seu coñecemento e para garantir a adecuada coordinación e axilidade se se produce unha situación deste tipo.

A Xunta aprobou o pasado mes de febreiro o VI Plan galego de igualdade entre homes e mulleres, cun orzamento de máis de 220 millóns de euros, e que recolle máis de 300 actuacións, nas que a prioridade é a loita contra a violencia de xénero.

MEDIO AMBIENTE INVISTE 1,1 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DO SANEAMENTO INTEGRAL DO SACO DE FEFIÑÁNS, NO CONCELLO DE CAMBADOS

- *Co proxecto autorizado polo Consello da Xunta eliminaranse todas as verteduras de augas residuais que verten ao fondo do saco e ao río Corvillón*
- *Executarase unha rede separativa de colectores de PVC e unha nova estación de bombeo integrada nun tanque de tormentas no Pombal*
- *Na Cabana proxéctase a execución dun novo colector que precisará da execución de varios treitos con perforación horizontal dirixida*
- *As actuacións recollidas están incluídas no Plan de Saneamento Local da ría de Arousa, no que a Xunta fai un esforzo sen precedentes para a mellora da produción marisqueira nas rías galegas*
- *O proxecto licitarase conxuntamente con outro de menor importe para evitar verteduras menores*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico- financeira entre o ente público de Augas de Galicia e o Concello de Cambados, para a execución da Fase II do proxecto de recollida de verteduras no Saco de Fefiñáns. A Fase I, de menor importe, licitarase conxuntamente con esta segunda para rematar así dunha vez o saneamento do saco.

Os traballos que se van executar permitirán a eliminación de todas as verteduras de augas residuais que se están a efectuar por parte dun conxunto de vivendas non conectadas á rede de saneamento municipal, que verten directamente ao Saco ou ben ao río Corvillón. O Goberno galego destinará para estas accións o custo total das obras valoradas en 1.135.495 euros e executaranse nun prazo dun ano.

O río Corvillón está encauzado nun tubo baixo a rasante da estrada PO-549 (Vilagarcía de Arousa–Cambados), a través dunha bóveda de formigón. Debido a este cruzamento a rede de saneamento construíuse dun xeito moi superficial para poder pasala por enriba da bóveda e levar as augas residuais ata o bombeo da Cabana. Por outra banda, existe un grupo de vivendas construídas a unha cota inferior á da vía que discorre en terraplén, polo que as acometidas domiciliarias non puideron ser recollidas e, como consecuencia, ou ben se acometen ao saneamento antigo, que descarga no río Corvillón e este, en última instancia, no Saco Fefiñáns, ou ben directamente teñen a saída do saneamento pola parte posterior da vivenda coa vertedura directa ao fondo do Saco.

Para solucionar a problemática das verteduras, estas recolleranse no contorno da avenida de Vilagarcía, executando unha rede separativa de colectores de PVC e unha nova estación de bombeo integrada nun tanque de tormentas no Pombal. Este tanque, ou depósito de retención de augas unitarias, constará de canal de entrada, unha cámara principal de laminación e un pozo de bombeo.

Na Cabana proxéctase a execución dun novo colector que precisará da execución de varios treitos con perforación horizontal dirixida. Tamén se mellorará o saneamento na rúa do Pombal selando un alivio existente e instalando un bombeo compacto, e por último, está prevista a recuperación dun treito do río Corvillón.

Saneamento Integral do Saco de Fefiñáns

O proxecto de Saneamento Integral do Saco de Fefiñáns, no concello de Cambados, definiuse a partir do Plan de saneamento local da Ría de Arousa, que estudou co máximo detalle o funcionamento das redes de saneamento para atallar as súas problemáticas, especialmente en tempo de chuva.

As obras da Fase II de recollida de verteduras no Saco de Fefiñáns licitaranse conxuntamente coas obras da Fase I, que conta cun orzamento de 95.209,85 euros, que afronta o saneamento dunha rúa paralela á estrada autonómica, e cuxo sistema de sumidoiros verte directamente sen tratamento sobre un dos dous regatos que chegan ao fondo do saco. Esta primeira fase centra os traballos en cambiar 120 metros de colectores e instalar unha pequena estación de bombeo no punto baixo da zona no río Corvillón para recoller as augas residuais das vivendas desa rúa para impulsalas e poder conectalas á rede de saneamento actualmente existente.

A Consellería de Medio Ambiente consegue así levar a cabo as actuacións necesarias en materia de saneamento para garantir o bo estado ecolóxico das rías galegas para o correcto desenvolvemento da produción marisqueira.

A XUNTA DESTINA 450.000 EUROS AO IMPULSO DAS VENDAS E O EMPRENDIMENTO NO COMERCIO GALEGO DE PROXIMIDADE

- ***A Consellería de Economía e Industria asinará un novo acordo de colaboración coa Federación Galega de Comercio para potenciar o seu traballo de apoio ao sector***
- ***Impúlsase o servizo de asesoramento da Federación, que fomentará o emprendemento achegando información sobre as posibilidades de negocio e os pasos necesarios a dar para abrir novos establecementos***
- ***Levaranse a cabo campañas de promoción do consumo nas vilas galegas, así como a actualización e difusión do portal de comercio electrónico: comerciogalicia.es***

A Xunta de Galicia, no seu impulso ao comercio galego como unha das actividades fundamentais para a recuperación económica, cooperará un ano máis coa Federación Galega de Comercio co obxectivo de desenvolver diversas actuacións encamiñadas á dinamización comercial das vilas galegas.

Este acordo de colaboración, para o cal o Goberno galego destina 450.000 euros e a Federación 50.000 euros, permitirá, entre outros aspectos, o mantemento do servizo da Federación para asesoramento e información aos comerciantes, no que este ano destaca, como principal novidade, o fomento do emprendemento. Así, a través deste gabinete de asistencia, facilitarase información sobre as posibilidades de negocio e os pasos necesarios a dar para abrir novos establecementos, fomentándose deste xeito o emprendemento no ámbito comercial.

Por outra banda, o convenio favorecerá a posta en marcha de distintas campañas de promoción e de dinamización do consumo nas vilas galegas, ao tempo que continuará impulsando o portal do comercio electrónico, *comerciogalicia.es*, unha plataforma posta en marcha en colaboración coa Federación e que permite que os establecementos de proximidade galegos combinen a súa actividade tradicional coa venda a través de internet nun escaparate conxunto.

Deste xeito, refórzase a aposta da Consellería de Economía e Industria pola venda *on line*, complementando á recente convocatoria do programa para o fomento do comercio electrónico, que suma 500.000 euros para facilitar unha mellor atención ao público que repercute directamente nas vendas dos comerciantes.

Ambas as actuacións enmárcase dentro das distintas liñas de apoio ao comercio de proximidade que está a desenvolver o Goberno galego, que no que vai de ano suma preto de 8,5 millóns de euros para impulsar o comercio de proximidade e a incentivación de vendas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE CONSELLERÍA, DIÓCESE, DEPUTACIÓN E CONCELLO PARA ACOMETER A PRIMEIRA FASE DA REHABILITACION DA CAPELA DOS REMEDIOS (OURENSE)

- ***A Consellería de Cultura investirá 87.000 euros nos traballos de recuperación para poder abrir a ermida ao público***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria, e a Diocese, a Deputación e o Concello de Ourense para a execución da primeira fase da rehabilitación da ermida santuario dos Remedios, da cidade das Burgas.

O departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad investirá 87.000 euros nestes traballos, co obxectivo de que o templo - construído no século XVI- poida abrir ao público, de tal forma que podan desfrutalo tanto a cidadanía ourensá como os visitantes que cheguen á cidade, e que atopen este Ben de Interese Cultural na mesma entrada da urbe. Ademais, as obras contarán co asesoramento técnico da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, sempre garantindo o máximo respecto á conservación do noso patrimonio cultural.

Cómpre lembrar que con este obxectivo a Consellería de Cultura e Educación encargou a redacción do correspondente proxecto de restauración, tras o incendio fortuíto que danou gravemente a ermida, correndo cos gastos do primeiro proxecto e cos da súa posterior adaptación, un documento que xa foi consensuado co resto das institucións colaboradoras e entregado, unha vez autorizado.

O importe total dos traballos ascenderá a 387.000 euros. O obxecto desta primeira fase será a rehabilitación do templo aplicando un criterio de mínima intervención atendendo aos aspectos máis necesarios para a recuperación do uso. Entre os traballos previstos están a construción dunha nova cuberta sobre estrutura de madeira, a limpeza, acondicionamento e restauración das fábricas de pedra e a dotación dunha instalación de alumeado básica para permitir o seu funcionamento normal.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 455.000 EUROS A ONG PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS

- ***A orde queda aberta á posibilidade de ampliación do importe no momento en que o Ministerio confirme os fondos para prevención de drogas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidas por entidades privadas sen ánimo de lucro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O investimento en prevención para esta orde durante o ano 2013 e o primeiro semestre do 2014 é de 455.586 euros. A orde queda aberta á posibilidade de ampliación do importe no momento en que o Ministerio confirme os fondos finalistas para prevención de drogas.

Os consumos de risco de substancias con capacidade de producir adicción teñen especial significación cando se inicia en idades temperás, xa que isto lígase ao consumo crónico e a longo prazo.

O desenvolvemento destas actuacións de prevención teñen por obxectivo retrasar a idade de inicio e, polo tanto, diminuír as prevalencias de consumo tanto nestas idades como na idade adulta.

Plan de trastornos aditivos

O Plan de trastornos aditivos de Galicia 2011-2016 recolle dez liñas estratéxicas de actuación entre as que destaca a diminución da prevalenza dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas; a regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco en menores; así como a prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas e a diminución de riscos e redución de danos asociadas ao uso e abuso de drogas.

As cinco primeiras liñas estratéxicas establecen as actuacións claves e os responsables de desenvolverlas, sendo os concellos e as entidades cidadás –entidades privadas que traballan en materia de drogodependencias- as que terán competencia no desenvolvemento de campañas e actos de sensibilización social sobre as consecuencias do uso e abuso de drogas e outras adiccións sociais e condutas relacionadas; así como na elaboración de guías e materiais de sensibilización social nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral.

SANIDADE PON EN MARCHA UN SISTEMA DE VIXILANCIA DAS GASTROENTERITES AGUDAS EN GALICIA

- *Deste xeito, poderase informar do inicio das ondas ás residencias de maiores e aos colexios, para que poidan tomar medidas para dificultar a súa difusión*
- *Saúde Pública recibe e analiza semanalmente os datos de chamadas que por GEA rexistra o 061*

A Consellería de Sanidade pon en marcha un sistema de vixilancia das gastroenterites agudas (GEA), que estará activo todo o ano, co obxectivo de poder identificar o comezo das ondas en Galicia.

Deste xeito, poderase informar do seu inicio ás institucións pechadas ou semipechadas, concretamente ás residencias de maiores e aos colexios, para que poidan tomar medidas para dificultar a súa difusión e, polo tanto, evitar que acontezan abrochos.

Así, a Consellería de Sanidade informará as Consellerías de Educación e Traballo e Benestar do obxectivo da vixilancia e establecerá o mecanismo de comunicación. Ademais, elaborará informes semanais, ao tempo que remitirá ás dúas consellerías o protocolo do norovirus, (virus causante da maioría das GEA) e as normas de hixiene e movementos de persoas ante un proceso gastrointestinal.

Metodoloxía

Semanalmente recíbense os datos de chamadas que por GEA recibiu o 061 e incorpóranse a unha serie temporal que conta cun nivel de alerta de inicio de onda estimado cos datos dos cinco anos previos. Cando se acade o dito nivel avísase ás residencias de maiores e ás garderías e escolas infantís do comezo da onda.

Os datos do 061 foron validados tanto polo resultado dunha enquisa de prevalencia autodeclarada de GEA que forma parte do SICRI 2011 (Sistema de Información sobre Condutas de Risco) como polos datos de episodios de GEA rexistrados no IANUS polos médicos de atención primaria do Sergas en 2011 e 2012.

Sintomatoloxía

As GEA son a terceira causa de morte entre as enfermidades infecciosas no mundo e nos países desenvolvidos supoñen unha morbilidade importante con custes elevados.

Unha porcentaxe importante das GEA son debidas aos norovirus, e moitas veces aparecen en forma de brotes. A súa actividade increméntase durante o inverno, de tal xeito que no conxunto da poboación a incidencia de gastroenterite debida a eles forma unha onda epidémica.

O seu cadro clínico caracterízase por vómitos, polo menos no 50% dos casos, diarrea intensiva, ausencia de febre ou febrícula e unha duración de aproximadamente 48h.

As GEA afectan principalmente os menores de cinco anos e os adultos maiores de 65 anos, por iso resulta de especial relevancia a transmisión da información en colexios e residencias de maiores, que poderán ser avisadas ante a sospeita de casos.

A XUNTA INICIA UN PLAN ESPECÍFICO CONTRA O EMPREGO NON DECLARADO QUE INTENSIFICA EN GALICIA ESTE TIPO DE INSPECCIÓN NUN 20%

- *A través deste plan de reforzo está prevista a realización de 16.000 inspeccións, a maioría nos sectores da hostalaría, comercio e servizos*
- *Os principais obxectivos deste iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar son o afloramento da economía mergullada e de posibles situacións fraudulentas*
- *O plan tamén pretende combater a obtención indebida de bonificacións ou reducións de cotizacións empresariais á Seguridade Social*

A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha un plan contra o emprego non declarado específico para Galicia, que incluírá máis de 16.000 inspeccións en diversos sectores. Trátase de intensificar nun 20 por cento as actuacións deste tipo que se levaron a cabo en 2012. Esta iniciativa, que se realizará en coordinación coa Inspección de Traballo, ten como principal obxectivo detectar posibles accións fraudulentas no mercado laboral.

O Plan conta con tres eixos principais: a intensificación das inspeccións neste ámbito, o reforzo da campaña dos ERE que puxo en marcha a Consellería de Traballo e Benestar o ano pasado e a colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

En primeiro lugar, este plan específico pretende dar resposta á necesidade de intensificar as actuacións contra o emprego non declarado, tendentes a afrontar determinadas condutas, que xeran a deterioración dos dereitos laborais e sociais dos traballadores; a redución dos ingresos ao sistema da Seguridade Social; e a competencia desleal con respecto ás empresas, emprendedores e traballadores autónomos, cumpridores coas súas obrigas legais.

De feito, as 16.000 inspeccións que se levarán a cabo a través deste plan centraranse en detectar casos de falta de afiliación e alta na Seguridade Social, unha das irregularidades máis comúns; no cobramento indebido de prestacións; e na vixilancia para evitar a contratación de estranxeiros sen permiso de traballo ou con permiso non válido.

Do total das 16.000 inspeccións que se executarán, 12.000 xa están planificadas. A maioría levaranse a cabo na hostalaría, comercio, servizos e en actividades onde conflúan varios sectores. Os criterios para incidir en determinados sectores son, entre outros, o número de demandas ou o número de actas de inspección en anos anteriores.

Principais obxectivos

Polo tanto, os principais obxectivos do plan son, por unha banda, impulsar o afloramento da economía mergullada cun efecto regularizador das condicións de traballo

e de xeración de recursos económicos ao sistema de Seguridade Social, polo pagamento de cotizacións sociais, e, por outra, corrixir a obtención en fraude de lei das prestacións por desemprego.

Así mesmo, este plan servirá para aflorar posibles situacións fraudulentas, principalmente nos casos nos que non exista unha alta na Seguridade Social de traballadores que efectivamente prestan servizos nas empresas, e combater os supostos de aplicación e obtención indebidas de bonificacións ou reducións de cotizacións empresariais á Seguridade Social de doutros incentivos relativos ás políticas de emprego.

Colaboración coa Fegamp

Para este plan específico, a Consellería de Traballo e Benestar é a encargada de deseñar os equipos e a organización da actividade inspectora neste campo. Ademais, a Consellería colaborará coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para levar a cabo o intercambio, coas corporacións locais, de información que poida permitir detectar actividades económicas non declaradas. Para iso, asinarase de forma novidosa coa Federación un protocolo para poder cruzar datos e información cos concellos sobre novas altas de actividade das empresas.

Fraude nos ERE

Por último, e, en terceiro lugar, este plan, ademais, reforzará o plan de control contra o fraude nos ERE, que xa está a executar en Galicia a Consellería de Traballo e Benestar. Foi unha iniciativa que se puxo en marcha en 2012, xunto coa Inspección de Traballo, un plan específico para loitar contra a fraude nas empresas con expedientes de regulación de emprego. É unha campaña pioneira en Galicia, xa que foi a primeira Comunidade autónoma en poñela en marcha e posteriormente púxose en marcha no resto de rexións e no Estado.

Trátase dunha campaña de actuación específica para controlar o cumprimento das condicións nos expedientes de suspensión ou redución de xornada. En 2012, como experiencia piloto, realizáronse 289 inspeccións neste ámbito e a previsión é que chegamos ás 600 en 2013. Entre abril de 2012 e o primeiro semestre deste ano comprobouse a situación de máis de 3.500 traballadores e detectáronse 10 empresas infractoras e 88 traballadores afectados.

En definitiva, O Plan de Loita contra o Emprego non Declarado ten por finalidade protexer aquelas empresas que cumpren coa legalidade fronte á competencia desleal que supoñen as prácticas ilegais e defender e salvagardar os dereitos dos traballadores. É, polo tanto, unha iniciativa cunha finalidade disuasoria, non sancionadora.